




SABES QUE...

A muller máis baixa de España mide...70 centímetros!

A protagonista da fotografía, chámase Leonor Barros e está considerada como a muller máis baixa de España.

Leonor, acaba de cumprir 88 anos, mide 70 centímetros debido a unha lesión de columna que sufriu aos poucos anos de idade.

Un coello de 12 kg!



O coelliño en cuestión chámase Crystal, ten 4 anos e, cos seus 12 Kg de peso, está considerado o coello máis grande do mundo (un normal pesa entre 1 e 3 Kg), Nun ano, Crystal come 3.640 cenorias, 728 cabazas, 4.368 rebandas de pan moreno e case 300 Kg de penso!

Unha mazá XXXL

Unha familia de Suffolk (Inglaterra), encontrouse cunha grata sorpresa cando descubriron na maceira da súa horta unha mazá de 1,2 Kg e que mide case 45 centímetros de diámetro, polo que cando se coma terá que facerse «a prazos».


Un home como unha torre!

Xin Shun medía 2.38 metros con só 16 anos. Sendo un rapaz, fichouno o equipo militar de baloncesto de Pekín e hoxe, aos seus 53 anos, dedícase ao pastoreo en Mongolia. Podería entrar no Guinness como o home «san» (non parece xigantismo) máis alto do mundo.

Unha folla de nenúfar de case 2.5 metros!

Sabemos que hai unha especie de nenúfar de follas xigantescas, pero a que o descubriu, Rachel Bienkowski parece ser a máis grande do mundo, xa que mide 2.5

metros! Poderíamos usala como colchoneta ou como canoa sen medo a caer na auga.



E ADEMÁIS...

• Cando un neno acaba a educación primaria, viu nada menos que 800 asasinatos e 10.000 actos de violencia na televisión.

• En Ohio (EEUU) está ubicado o edificio «Goodyear Airship Hangar», o máis grande do mundo sen estrutura interna. É tan grande que, nos seus 16 millóns de metros cúbicos de aire, fórmanse nubes e ata chove!

• Un rapaz norteamericano Peter Larson fíxose famoso por denunciar ao seu profesor de matemáticas. O delito? Púxolle deberes para as vacacións. O rapaz, que asegura que esa preocupación impediulle descansar, converteuse nun heroe e os seus compañeiros levan camisetas de apoio coa súa foto.

• Na Idade Media, os dentes enfermos substituíanase por outros falsos realizados con ósos de vaca, mármore e, incluso, perlas. Non servían para mastigar, pero quen os posuían lucían un sorriso radiante.